



Concello de Pontecesures

PROCESO SELECTIVO BOLSA DE OFICIAL ADMINISTRATIVO/A DO CONCELLO DE PONTECESURES (11.06.2026)

PARTE 1.^a DA FASE DE OPOSICIÓN (OBRIGATORIA E ELIMINATORIA)

ANTES DE COMEZAR, CONSULTE AS INSTRUCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROBA ENTREGADAS POLO TRIBUNAL

A duración máxima será de **45 MINUTOS**. A puntuación total desta primeira parte é de **4 PUNTOS**.

Non escriba o nome nin os apelidos no exame, para garantir o anonimato.

ENUNCIADO

O luns 4 de maio de 2026, don Miguel Martínez comparece na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistros do Concello de Pontecesures e manifesta que actúa en representación da sociedade «Construcións do Ulla, S.L.». Pretende presentar unha solicitude de licenza urbanística para construír un edificio de vivendas. Achega a solicitude e o proxecto técnico en papel.

A persoa funcionaria que o atende indícalle que, conforme á normativa, non pode rexistrala. Don Miguel presenta posteriormente a solicitude a través do rexistro electrónico municipal, o mércores 6 de maio de 2026.

Examinada a documentación, o Concello comproba que falta o estudo de seguridade e saúde. O requirimento de emenda ponse á disposición da sociedade na sede electrónica e don Miguel accede ao seu contido o venres 8 de maio de 2026. Concédese un prazo de dez días para emendar. A documentación requirida preséntase electronicamente o venres 22 de maio de 2026.

Por Decreto da Alcaldía do 20 de xaneiro de 2024, debidamente publicado, delegouse na Xunta de Goberno Local a competencia para resolver as licenzas urbanísticas. Logo dos informes técnico e xurídico, a Xunta de Goberno Local, na sesión do luns 1 de xuño de 2026, acorda denegar a licenza por non ser conforme co planeamento urbanístico.

A notificación do acordo ponse á disposición da sociedade na sede electrónica o xoves 18 de xuño de 2026. Ao chegar o luns 29 de xuño de 2026, nin a sociedade nin o seu representante accederon ao seu contido.





Concello de Pontecesures

Maio 2026						
Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sáb	Dom
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Xuño 2026						
Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sáb	Dom
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

PREGUNTAS

Cada cuestión ben respondida puntúa 0,20 puntos. **Marque cun X** unha única resposta en cada cuestión.

As respostas incorrectas e as non contestadas non restan puntuación. As cuestións nas que se marque máis dunha alternativa consideraranse incorrectamente contestadas.

CUESTIÓN 1

1.1. (0,20 puntos) Á vista da condición da solicitante, é correcta a presentación da solicitude e do proxecto técnico en papel?

- A) Si, porque a presentación a realiza unha persoa física que comparece en nome da sociedade.
- B) Non. En todo caso, estarán obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, para realizar calquera trámite dun procedemento administrativo, as persoas xurídicas.
- C) Non, salvo que o Concello careza dun rexistro presencial habilitado para recibir documentación dirixida á propia entidade.

1.2. (0,20 puntos) Como debía presentar don Miguel a solicitude ao actuar en representación de «Construcións do Ulla, S.L.»?

- A) Presencialmente, porque a obriga de utilizar medios electrónicos corresponde unicamente á sociedade representada.
- B) Por calquera dos dous medios, sempre que acompañase unha copia do seu documento de identidade.
- C) A través de medios electrónicos, por representar unha persoa interesada obrigada a relacionarse electronicamente coa Administración.

1.3. (0,20 puntos) Ante a presentación presencial efectuada no suposto, que actuación procedía por parte do Concello?





Concello de Pontecesures

- A) Requirit a persoa interesada para que emendase mediante a presentación electrónica, considerándose como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.
- B) Rexistrar a solicitude, requirit a súa posterior remisión electrónica e conservar como data de presentación a do rexistro presencial.
- C) Rexeitar a documentación sen practicar asento ningún, por tratarse dun suxeito obrigado a relacionarse electronicamente.

CUESTIÓN 2

2.1. (0,20 puntos) Para formular a solicitude en nome da sociedade, que requisito esixe a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas?

- A) Para formular solicitudes en nome doutra persoa deberá acreditarse a representación.
- B) A representación presúmese por tratarse dun administrador ou representante dunha persoa xurídica.
- C) A representación só debe acreditarse se a Administración a cuestiona despois de presentada a solicitude.

2.2. (0,20 puntos) Se ao presentar a solicitude non se acredita suficientemente a representación, que consecuencia procede?

- A) Impide que se teña por realizado o acto ata que se acredite a representación, aínda que a emenda posterior conserva a data inicial de presentación.
- B) A falta ou insuficiente acreditación non impedirá que se teña por realizado o acto, sempre que se achegue ou se emende o defecto dentro do prazo de dez días que conceda o órgano administrativo, ou dun prazo superior cando as circunstancias o requiran.
- C) Non impide que se teña por realizado o acto, sempre que o defecto se emende nun prazo improrrogable de cinco días.

CUESTIÓN 3

3.1. (0,20 puntos) Comprobada a falta do estudo de seguridade e saúde, que prazo debía concederse para a súa achega?

- A) Un prazo de quince días, ampliable por outros cinco.
- B) Un prazo dun mes, por tratarse de documentación técnica.
- C) Un prazo de dez días.

3.2. (0,20 puntos) Se a sociedade non atendese o requirimento de emenda dentro do prazo concedido, cal é a consecuencia xurídica respecto do procedemento?

- A) Teríase por desistida da súa petición, logo de resolución expresa.
- B) Produciríase a caducidade automática do procedemento sen necesidade de resolución expresa.
- C) A solicitude debería ser desestimada por razóns de fondo mediante resolución motivada.





Concello de Pontecesures

CUESTIÓN 4

4.1. (0,20 puntos) Para efectuar o cómputo do prazo concedido no suposto, que días deben tomarse en consideración?

- A) Todos os días naturais, salvo que o requirimento exclúa expresamente algún deles.
- B) Os días hábiles, excluíndose do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos.
- C) Os días hábiles, excluíndose unicamente os domingos e os festivos de ámbito estatal.

4.2. (0,20 puntos) Tendo en conta que se accedeu ao requirimento o venres 8 de maio de 2026, cando se inicia o cómputo?

- A) O propio 8 de maio, que constitúe o primeiro día do prazo.
- B) O segundo día hábil posterior ao acceso, polo que comeza o martes 12 de maio.
- C) O prazo cóntase a partir do día seguinte a aquel en que tivo lugar a notificación; ao seren inhábiles o sábado 9 e o domingo 10 de maio, o primeiro día computable é o luns 11 de maio.

4.3. (0,20 puntos) Aplicadas as regras de cómputo ao caso, cal é a conclusión correcta sobre a documentación presentada o 22 de maio de 2026?

- A) O prazo remataba o 22 de maio, polo que a presentación se realizou dentro de prazo.
- B) O prazo remataba o 21 de maio, polo que a presentación foi extemporánea.
- C) O prazo remataba o 25 de maio, polo que a presentación se efectuou antes de iniciarse o último día hábil.

CUESTIÓN 5

5.1. (0,20 puntos) Respecto do acordo adoptado o 1 de xuño de 2026, que prazo establece a Lei 39/2015 para cursar a súa notificación?

- A) Toda notificación deberá cursarse dentro do prazo de quince días desde a data da súa sinatura.
- B) Toda notificación deberá cursarse dentro do prazo de dez días a partir da data na que o acto fose ditado.
- C) A notificación poderá cursarse en calquera momento anterior ao vencemento do prazo máximo para resolver o procedemento.

5.2. (0,20 puntos) A notificación do acordo púxose á disposición da sociedade o 18 de xuño de 2026. Que valoración procede?

- A) Cursouse dentro de prazo, porque nas notificacións electrónicas o prazo se conta ata o acceso efectivo da persoa interesada.
- B) Cursouse dentro de prazo, porque a Lei 39/2015 concede vinte días naturais para as notificacións de actos colexiados.
- C) Cursouse fóra de prazo, pois o décimo día hábil desde o día seguinte ao acordo foi o 15 de





Concello de Pontecesures

xuño de 2026.

CUESTIÓN 6

6.1. (0,20 puntos) Chegado o 29 de xuño de 2026 sen que a sociedade nin o seu representante accedesen á notificación posta á disposición na sede electrónica o día 18 de xuño, cal é a súa situación xurídica?

- A) A notificación considérase pendente e debe manterse dispoñible ata que a persoa interesada acceda a ela.
- B) A notificación enténdese rexeitada ao transcorreren dez días naturais desde a súa posta á disposición sen acceso ao seu contido.
- C) A notificación enténdese practicada o 18 de xuño, con independencia de que se produza ou non o acceso.

6.2. (0,20 puntos) Que efectos xurídicos produce que non se accedese á notificación nas circunstancias descritas na pregunta anterior?

- A) Debe repetirse a notificación por correo postal e suspenderse mentres tanto o procedemento.
- B) O acto perde a súa eficacia e debe ser novamente aprobado pola Xunta de Goberno Local.
- C) Farase constar no expediente, especificándose as circunstancias do intento de notificación e o medio, darase por efectuado o trámite e seguirá o procedemento.

CUESTIÓN 7

7.1. (0,20 puntos) Supoña que a destinataria é unha persoa física e que elixiu a notificación postal. Se ninguén se fai cargo da notificación no primeiro intento practicado no domicilio, como debe realizarse o seguinte intento?

- A) Debe repetirse unha soa vez e nunha hora distinta dentro dos tres días seguintes.
- B) Debe repetirse dúas veces, en días diferentes, dentro dos cinco días seguintes.
- C) Non debe repetirse: o primeiro intento infrutuoso permite acudir directamente á publicación.

7.2. (0,20 puntos) Realizado o primeiro intento o martes 16 de xuño de 2026 ás 10.30 horas, que esixencia horaria debe respectar o segundo?

- A) Debe efectuarse antes das quince horas, pero cunha diferenza mínima de tres horas.
- B) Debe efectuarse despois das quince horas, deixando en todo caso polo menos unha marxe de diferenza de tres horas entre ambos os intentos.
- C) Pode efectuarse a calquera hora, sempre que teña lugar nun día distinto.

7.3. (0,20 puntos) É correcto o segundo intento efectuado o xoves 18 de xuño de 2026 ás 17.00 horas?





Concello de Pontecesures

- A) Non, porque o segundo intento debía efectuarse necesariamente o día inmediatamente posterior ao primeiro.
- B) Non, porque entre os dous intentos deben transcorrer, polo menos, tres días completos.
- C) Si, porque o segundo intento se realizou unha soa vez, nunha hora distinta e dentro dos tres días seguintes.

7.4. (0,20 puntos) Se o segundo intento tamén resultase infrutuoso, que forma de notificación procedería?

- A) Un anuncio publicado no «Boletín Oficial del Estado».
- B) Un anuncio publicado exclusivamente no boletín oficial da provincia.
- C) Unha terceira tentativa no domicilio, seguida da súa publicación no taboleiro municipal.

CUESTIÓN 8

8.1. (0,20 puntos) Se a sociedade optase por interpoñer recurso potestativo de reposición contra o acto expreso de denegación da licenza, de que prazo disporía?

- A) Dez días hábiles.
- B) Un mes.
- C) Dous meses.

8.2. (0,20 puntos) Se acudise directamente á xurisdición contencioso-administrativa contra o acto expreso, cal sería o prazo de interposición?

- A) Dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa.
- B) Un mes contado desde o mesmo día da notificación.
- C) Seis meses contados desde o día seguinte ao da notificación.

PREGUNTAS DE RESERVA (RESPONDER)

As preguntas de reserva deberán responderse. Só se corruxirán, pola orde na que figuran, se o tribunal anula algunha cuestión ordinaria; cada unha substituirá unha cuestión ordinaria anulada e terá a súa mesma puntuación.

R1. (0,20 puntos) Pode delegarse a atribución municipal relativa ao outorgamento de licenzas?

- A) Si, posto que a atribución prevista no artigo 21.1.q) non figura entre as excluídas de delegación polo artigo 21.3.
- B) Non, porque todas as atribucións urbanísticas da Alcaldía son indelegables.
- C) Só pode delegarse no Pleno e mediante acordo adoptado por maioría absoluta.

R2. (0,20 puntos) Partindo do decreto de delegación debidamente publicado que figura no enunciado, era competente a Xunta de Goberno Local para resolver?





Concello de Pontecesures

- A) Non, porque a Xunta de Goberno Local só pode asistir a Alcaldía e carece de competencias resolutorias delegadas.
- B) Si, porque corresponden á Xunta de Goberno Local as atribucións que a Alcaldía ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis.
- C) Non, porque a delegación de competencias en materia de licenzas require sempre autorización previa do Pleno.

FIN DA PROBA

